

# O verbo e as conxugacións verbais

Os verbos expresan accións ou estados. Os verbos enúncianse en infinitivo e hai tres conxugacións: **-ar** (1ª conxugación), **-er** (2ª conxugación), **-ir** (3ª conxugación).

Os verbos teñen **raíz ou lexema** e o que lle sumamos son morfemas de persoa e de tempo, as **desinencias**.

Amar

raíz

-ar

desinencias

As **formas verbais** indican o **tempo** no que se realiza a acción:

- No **pasado** ou **pretérito**, cando a acción está acabada: o que fixen onte.
- No **presente**, cando a acción está a pasar neste momento.
- No **futuro**, cando a acción aínda non pasou, pero vai acontecer.

As formas verbais tamén teñen **tres modos**.

- **Indicativo**, cando o verbo expresa feitos que son reais.

Presente → amo

Copretérito → amaba

Pretérito → amou

Antepretérito → amara

Futuro → amarei

Pospretérito → amaría

- **Subxuntivo**, cando o verbo expresa feitos que poden acontecer, que son probables ou que

Presente → ame

Copretérito → amase

- **Imperativo**. Usámolo para dar ordes, consellos ou instrucións.

ama, amade

Os **verbos regulares** son aqueles que se conxugan do mesmo xeito. Pola contra, os **verbos irregulares** son os que presentan **variacións** na raíz ou nalgunha vogal do seu paradigma. Estes son algúns exemplos:

- 1ª conxugación: estar, dar.
- 2ª conxugación: haber, ser, querer.
- 3ª conxugación: ir, vir, dicir.